



Sagrado, a 8 de xaneiro de 2024

Prezadas familias:

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén de publicar no seu portal educativo a “**Orde de 4 de xaneiro de 2024 sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos**”

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/41985>

Esta disposición aproba un protocolo sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e recolle as **seguintes medidas de inmediata entrada en vigor**:

1. Nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor, **a prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos** debe estenderse tamén, con carácter xeral, **á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos**. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como **períodos non lectivos** os seguintes: **as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares**.
3. Os centros poderán establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.
4. Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, **e así sexa autorizado pola dirección do centro**, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

A consellería considera estas **pautas de de aplicación nos centros desde hoxe, 8 de xaneiro**. Ademais, a Xunta de Galicia iniciará os trámites oportunos para actualizar a normativa que vén regulando os móbiles nos centros, o Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade escolar en materia de convivencia.

Así e pois, no noso centro Sagrado Corazón de Xesús de Pontevedra, desde hoxe (8 de xaneiro) queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, con carácter xeral, durante a totalidade da xornada escolar, incluídos os períodos non lectivos (entradas, saídas, tempo de recreo e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias, como saídas e visitas culturais, e extraescolares) e para todas as etapas educativas: Infantil, Primaria, Secundaria e Bachelato.

Atentamente:
Equipo Directivo